A RÍA DE CEDEIRA COMEZA NOS SUMIDOIROS

COMEZA POR UN PEQUENO XESTO,

porque o mar empeza aquí

Campaña por un uso responsable dos sumidoiros

Concello de **Cedeira**

Cabo Ortegal, PROXECTO DE XEOPARQUE

Usarías a auga dos fregados para tomar un baño?

Entón, por qué baleiras os restos de fregado ao sumidoiro...?

A rede de augas pluviais

A área urbana de Cedeira conta cunha canalización de recollida de augas de escorregamento pluvial.

A recollida auga de choiva realizase polos sumidoiros e circula a través da rede de pluviais para acabar directamente na desembocadura do río e na ría.

Estas augas teñen a aproximación a augas brancas pola súa baixa capacidade de danar o medio e, polo tanto, non deben ser conducidas mediante os sistemas de saneamento aos proceso de depuración.

Podemos contribuír á mellora da calidade das augas do **Río Condomiñas** e da **Ría de Cedeira** facendo un uso responsable dos sumidoiros.

Recorda que…

☑ As **augas de fregados** ou con restos de deterxentes e produtos de limpeza son contaminantes. Debes baleirar o balde no retrete para o seu tratamento na EDAR

☑ Emprega os colectores de aceite. As **graxas ou aceites**, incluso en cantidades pequenas, provocan atascos nos condutos e danan gravemente os ecosistemas e seres vivos (un litro de aceite pode contaminar mil litro de auga)

☑ Utiliza sempre ás papeleiras e colectores para cada tipo de **residuo.** Evitará que a choiva arrastre os restos de lixo ás cunetas e beirarrúas e atasquen os sumidoiros

☑ Cumpre cos horarios para sacar o **lixo**, evitará que animais rompan as bolsas e o seu contido acabe na rede de pluviais.

☑ As cabichas deben depositarse nos cinceiros e evitar que acanen no chan. **Cigarros e cabichas** son a principal causa de lixo en océanos e praias. Estes refugallos, liberan rapidamente compostos tóxicos con efectos negativos sobre a vida do mar.

☑ Evita que calquera obxecto tapone os embornais e impida que recollan normalmente a auga de choiva. De esta forma axudará a diminuír os asolagamentos.

☑ Ao varrer fronte a túa casa, recolle os restos po e **refugallos** nunha bolsa e depositaa no colector que corresponda.

☑ As reixas actúan de filtros para o lixo e evitan accidentes.

Un xesto habitual nocivo co medio ambiente

Verter a auga de limpar, tirar cabichas e lixo no chan ou directamente no sumidoiro, son xestos comúns pero moi contaminantes.

Debemos depositar cada residuo no contedor axeitado e baleirar a auga sucia no inodoro para un correcto tratamento e eliminación.